



## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLE/2018/12	O Pleno

### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	30 de novembro de 2018
<b>Duración</b>	Desde as 20:00 ata as 22:30 horas
<b>Lugar</b>	SALÓN DE PLENOS
<b>Presidida por</b>	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
<b>Secretario</b>	ELEUTERIO PENA LAMAS

### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
35302226D	ALBA CORDEIRO MAGDALENO	SÍ
78732036T	ALFREDO IGLESIAS SANTOS	SÍ
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
36042960M	DOLORES GALLEGO SANTOS	SÍ
52494246N	FRANCISCO SOLIÑO SOLIÑO	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
35300902L	JESUS MANUEL GRAÑA GRAÑA	SÍ
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	SÍ
35285485N	JOSE É SOTELO VILLAR	SÍ
36102469J	JOSÉ LUIS GESTIDO PORTO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78735128X	MARIA DOLORES HERMELO PIÑEIRO	SÍ



Concello de Cangas

78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734493L	PÍO MILLÁN BLANCO	SÍ
78735144A	RAFAEL SOLIÑO COSTAS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

#### A) PARTE RESOLUTIVA

##### **Expediente 5672/2018. Declaración de crédito non dispoñible**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 11, En contra: 0, Abstencións: 10, Ausentes:

##### **Expediente 5672/2018. Declaración de crédito non dispoñible**

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Vista a proposta de Alcaldía de data 23 de novembro de 2018 na que se sinala:

*"Visto o escrito requirimento o pasado 7 de maio de 2018, da Consellería de Economía e Facenda, e mais concretamente Resolución da Dirección Xeral do tesouro e política financeira, Tesouro e Fondos Europeos, de data 2 de maio de ese mesmo mes na que se sinala:*

*Visto o informe de intervención, que informa favorablemente practicar a retención de créditos (RC) proposta co fin de cumprir coa senda de gasto, figura ademais a título explicativo folla de Excel anexa, que é a seguinte:*

INDISPOÑIBILIDADE DE CRÉDITO		
PARTIDA	CONCEPTO	IMPORTE
150-12006	GASTO DE PERSOAL	50,53
170-131	GASTO DE PERSOAL	330,70
170-16000	GASTO DE PERSOAL	696,73
312-150	GASTO DE PERSOAL	2.438,00
320-12100	GASTO DE PERSOAL	25.347,66
330-12005	GASTO DE PERSOAL	15.666,00
330-12006	GASTO DE PERSOAL	1.732,50
330-12100	GASTO DE PERSOAL	8.392,08
334-16000	GASTO DE PERSOAL	682,76
340-16000	GASTO DE PERSOAL	341,98
4312-12005	GASTO DE PERSOAL	7.833,00
4312-12100	GASTO DE PERSOAL	4.356,24
4312-12101	GASTO DE PERSOAL	2.573,86
4312-150	GASTO DE PERSOAL	3.898,25
4312-16000	GASTO DE PERSOAL	6.531,47
450-12004	GASTO DE PERSOAL	5.933,18
450-12100	GASTO DE PERSOAL	3.562,44
450-150	GASTO DE PERSOAL	4.133,69
164-622	REMANENTES CEMITERIO COIRO	19.348,79
164-622	REMANENTES CEMITERIO ALDAN	253.436,00
453-619	REMANENTES PAV.VIAS MUNIC.	18.047,29
920-624	REMANENTES VEHICULO S.XERAIS	2.256,00
450-624	REMANENTES VEHICULO OBRAS	2.554,99
432-619	TURISMO.INVESTIMENTOS REPOSICIÓN	4.200,00
163-639	INVESTIMENTOS LIMPEZA VIARIA	2.000,00
942-761	TRANSFERENCIAS Á DEPUTACIÓN	200.000,00
161-609	TRANSFERENCIA PLENO	168.342,93
450-609	TRANSFERENCIA PLENO	168.342,93

**TOTAL**

**933.030,00**

*Proponse a aprobación pola Comisión Informativa Única, e a súa remisión posterior ao Pleno*



*para aprobación definitiva”.*

**DELIBERACIÓNS:**

**Sr. Iglesias Santos:** sinala que hai que extremar as dilixencias cando nos atopamos ante gastos correspondendo ao goberno a responsabilidade de gastos e ingresos debendo ter certa contención co gasto público evitando xerar problemas nas arcas municipais.

**Sr. Millán Blanco:** sinala que xa non é a primeira vez que nos atopamos nesta situación, neste caso existe un incumprimento do teito de gasto que da lugar ao requirimento efectuado e o presente acordo de indispoñibilidade de crédito. A proposta recolle entre outros créditos 200.000 euros da Deputación que recollen proxectos importantes e que ano a ano son maiores os incumprimentos do PEF.

**Sr. Abalo Costa:** expón que a xestión económica do PP conlevou estas circunstancias e que dende Intervención recomendouse que se fixese este acordo nas datas de outubro ou novembro e recorda que no que vai de ano entre o que se ten gastado e ingresado existe un saldo positivo de 635.000 euros, que se está a amortizar débeda e que non podemos contar con outros sistemas vencellados a cauces políticos. No tocante ás sentenzas esta situación deriva entre outras circunstancias de convenios firmados.

**Sr. Gestido Porto:** sinala que está xustificando determinadas actuacións que son inxustificables e que a estas alturas non se pode dicir que descoñecía pretendendo desviar a atención.

**Sr. Iglesias Santos:** sinala que os concelleiros de facenda son os peor considerados porque teñen a presión das restantes concellerías e gastan máis do debido.

**Sr. Millán Blanco:** replica que o señor Mariano permite o gasto das restantes concellerías, recorda que o incumprimento do teito de gasto como consecuencia de pagos de convenios foi pola súa vontade e que no 2011 atoparon unha situación de 17 millóns en impagos e baixouse o remanente negativo de 1 millón de euros.

O **Sr. Alcalde:** sinala que nesa época non se amortizou débeda.

**Sr. Millán Blanco:** remata sinalando a falta de control de gasto corrente e que non poden ser cómplices desa situación.

**Sr. Abalo Costa:** sinala que o señor Gestido no aportou dato algún, no tocante ao comentado polo señor Iglesias está de acordo pero lembra que é decisión de intervención determinar as partidas obxecto de indispoñibilidade. Lembra que hai unha sentenza xudicial que obriga a pagar 700.000 mil euros e outra en litixio por importe de 2 millóns de euros.

**VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 11 (4 de ACE, 4 do BNG e 3 de ASPUN).

**En contra:** 0.

**Abstencións:** 10 (8 do Partido Popular, 1 de Cangas Decide e 1 do PSOE).



Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

**Expediente 5802/2018. Moción PP Bandas Limitadoras Velocidade Cima de Vila**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 26.11.2018.

Así mesmo a Presidencia da conta da moción do voceiro do grupo municipal do Partido Popular de Cangas rexistrada o día 14.11.2018, relativa ás bandas limitadoras de velocidade en Cima de Vila, que é como segue:

*“No Pleno do mes de xullo do presente ano, un Concelleiro desta formación política preguntou que pensaban facer coas bandas limitadoras de velocidade en Cima de Vila, a contestación da Concelleira responsable da área foi de que se estaba facendo un estudo técnico e que logo se actuaría. Nos Plenos dos meses de setembro e outubro volvemos a preguntar polo mesmo asunto, contestando o Sr. Pazos no primeiro, que ‘algúns estaban en lugares erróneos e que se procederá á súa correcta colocación sen prexuízo do correspondente escrito que poidan presentar os veciños’. Con posterioridade, o pasado 16 de outubro efectuamos por escrito preguntas, si existía algún estudo técnico que avale a colocación destas bandas limitadoras e si as mesmas estaban homologadas, e cal fora o criterio para elixir esas localizacións e si diante das queixas dos veciños pensaban facer algo. Á data de hoxe seguimos esperando polas contestacións.*

*Lonxe de retirar aquelas bandas limitadoras onde os veciños se queixan, colocaron máis e en algún caso sen criterio que as xustificquen, e os conseguintes prexuízos para as vivendas lindeiras, o cal ao noso entender é unha falta de respecto non só os veciños da zona senón a todos/as .*

*Dende o noso punto de vista, deixando claro que non nos opoñemos a medidas que limiten a velocidade nalgunhas vías tanto municipais como doutras Administracións sempre que non se prexudique ou moleste aos veciños da zona, estase a incumprir a Instrución Técnica ditada pola Dirección Xeral de Estradas para a instalación de redutores de velocidade e bandas transversais de alerta. Ademais da altura, a recomendada para as nosas vías é de 3 cms. non de 7 cms. como os colocados, non existe nin iluminación, nin sinalización horizontal nin vertical como a citada Instrucción recomenda.*

*Por todo elo, efectuamos as seguintes PROPOSTAS DE ACORDO:*

- Que por parte do Goberno Municipal se proceda a dar as instrucións necesarias para a inmediata retirada destes redutores de velocidades prefabricados.*
- Que por parte do Goberno Municipal se leve a cabo previamente un estudo técnico que avale a colocación de estas e outras medidas disuasorias, e onde sexa necesario, previo acordo cos propietarios das vivendas lindeiras, se coloquen pasos sobreelevados fabricados in situ, coas medidas de seguridade que a lei esixe”.*



Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Única, o Pleno da Corporación aproba por unanimidade a proposta de acordo anteriormente referenciada.

**DELIBERACIÓNS:**

**Sr. Gestido Porto:** sinala non estar en contra dos resaltos pero si compre realizar un estudo técnico preciso e pormenorizado.

**Sr. Iglesias Santos:** expón que espera que Merche non lle diga que se está a facer o estudo.

O **Sr. Alcalde:** sinala que existe un informe da policía local sinalando que responde aos criterios de seguridade viaria e que moitas veces se colocan previo requirimento dos veciños, polo tanto o que non cumpren resulta incerto, que en todo caso é mellorable e que é preciso actuar con celeridade, proponendo unha emenda á que da lectura.

**Sr. Soliño Costas:** sinala que estas bandas carecen de sinalización vertical e horizontal e na maioría dos casos incumpren a altura e que en definitiva están en situación de ilegalidade.

**Sra. Giráldez Santos:** sinala que a sinalización vertical está encargada e que se colocará en breve e que se cumpre nos restantes requisitos legais.

O **Partido Popular:** acepta a emenda incorporándose o acordo.

**VOTACIÓN E ACORDO:** O Concello Pleno por unanimidade dos seus membros presentes adopta o seguinte acordo:

O Concello de Cangas realizará un estudo técnico para a substitución progresiva con cargo aos orzamentos do 2019 dos elementos actualmente instalados por redutores de velocidade realizados en obra, así como, outras iniciativas para garantir a seguridade viaria.

**Expediente 5803/2018. Moción PP sobre beirarrúa na estrada PO-1002 A Madalena - Erbello**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 27.11.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do grupo municipal do Partido Popular de Cangas rexistrada o día 14.11.2018, relativa á beirarrúa na estrada PO-1002 A Madalena – Erbello, que é como segue:

*"No Pleno do 3 de maio do 2018, por unanimidade o Pleno da Corporación, recollendo a solicitude da AA.VV. Nós de S. Pedro e Cima de Vila, aprobou unha moción que tiña como Proposta de Acordo: 'O Concello de Cangas dirixirase á Deputación de Pontevedra, titular da estrada PO -1002 A Madalena - Erbello, para poñer en marcha todos os mecanismos que sexan precisos cara a dotar a devandita estrada dunha beirarrúa que percorra, cando menos, os lugares mencionados antes de termos que lamentar algunha desgraza.'*



*No apartado de deliberacións, o Sr. Pazos aclara que a moción é conxunta de catro grupos municipais. Explica o contido desta indicando que se presenta a iniciativa dun colectivo veciñal / avalado coa sinatura de centos de persoas afectadas. O Sr. Abalo, indica que apoiará a moción, se ben cre que non é suficiente con instar á Deputación, considera que serán necesarias outras medidas de presión.*

*Por parte do PP de Cangas, o Sr. Soliño Costas, cre que se trata dunha proposta sensata e xusta, polo que a van a apoiar e pide beirarrúas polas dúas marxes. Espera que esta proposta non quede en saco roto, e lembra que a Deputación non está a cumprir esos compromisos asinados fai anos coma é o caso da estrada O Viso –O Igrexario.*

*Pasados seis meses de dita aprobación, como sospeitabamos ocorrería: nada hai. O mais grave no orzamento 2019 da Deputación non hai un só euro para esta actuación.*

*Por todo elo efectuamos as seguintes PROPOSTAS DE ACORDO:*

*1- O Pleno da Corporación de Cangas insta ao Goberno Municipal a que esixa á Deputación a sinatura dun convenio que permita levar a cabo a actuación que reclaman os colectivos veciñais da zona.*

*2- O Pleno da Corporación de Cangas pide que se incluía no orzamento da Deputación para o ano 2019, durante a fase de exposición ao público, unha emenda que permita a achega necesaria para o inicio de dita infraestrutura”.*

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Única, o Pleno da Corporación por unanimidade aproba a proposta de acordo anteriormente referenciada.

#### DELIBERACIÓNS:

**Sr. Gestido Porto:** sinala que existe unha reivindicación histórica que debe ser atendida.

**Sr. Iglesias Santos:** expón que a Deputación realiza estes plans mediante os concellos e que en todo caso o tráfico existente na estrada é alto polo que as actuacións deben axilizarse e levar a cabo mediante exporciacións e restantes medidas legais axeitadas.

**Sr. Abalo Costa:** recorda que a vía é en todo caso, de titularidade provincial.

**Sra. Giráldez Santos:** sinala que o seu grupo votará a prol da moción.

**Sr. Hermelo Álvarez:** sinala que o seu grupo apoia a moción e que existen aínda determinadas actuacións pendentes da Deputación na beirarrúa da rúa David Cal.

O **Sr. Alcalde:** sinala que cando se aprobou outra moción similar se desprazaron a Pontevedra e que o compromiso era que neste ano se sacaría a licitación o proxecto.

**Sr. Soliño Soliño:** sinala que espera que se faga o antes posible ese anteprojecto e sinala que hai un convenio firmado en Igrexario e tampouco se fixo nada.

**VOTACIÓN E ACORDO:** o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.



**Expediente 5806/2018. Moción PSOE Dotación económica aluguer vivendas vítima violencia doméstica**

**Favorable**                      **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 26.11.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Concelleiro – voceiro do Partido Socialista de Galicia – PSOE no Concello de Cangas, rexistrada o día 15.11.2018, que é como segue:

*“ALFREDO IGLESIAS SANTOS, CONCELEIRO-PORTAVOZ do PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA - PSOE no Concello de Cangas (Pontevedra), ao abeiro do disposto nos artigos 91.4 y 97.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación, MOCIÓN REFERENTE Á DOTACIÓN ECONÓMICA PARA ALUGAR APARTAMENTOS/PISOS PARA ACOLLER, SEQUERA TEMPORALMENTE, MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DOMÉSTICA E DE XÉNERO E DE MALTRATO HABITUAL QUE TEÑEN QUE ABANDONAR A SÚA VIVENDA FAMILIAR EN SITUACIÓN DE SEPARACIÓN/DIVORCIO LITIXIOSO OU POR SEREN VÍTIMAS DE VIOLENCIA DOMÉSTICA E DE XÉNERO E DE MALTRATO HABITUAL, en base á seguinte:*

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.*

*Segundo os últimos datos, na Provincia de Pontevedra hai contabilizados agora mesmo case mil cincocentos casos de violencia doméstica e de xénero.*

*Polo que respecta a Cangas, os casos de violencia doméstica e de xénero e de maltrato habitual rexistrados polo Centro de Información á Muller, sumados aos que se derivan directamente da intervención das Forzas e Corpos de Seguridade e os Xulgados deste Partido Xudicial, sitúanse en torno aos cincuenta.*

*A violencia e o maltrato non diferencia nin por clases sociais, nin por idades, nin por formación académica ou profesional, pero certamente hai uns grupos de mulleres que presentan unha serie de requisitos para merecer unha atención preferente: mulleres sen traballo remunerado que se dedican case en exclusiva ao coidado de fillos e/ou do fogar; mulleres con carencias de formación ou con escasas posibilidades para accederen a un posto de traballo; mulleres de mediana idade que se adicaron sempre ao fogar e que están virtualmente fóra do mercado laboral, e incluso mulleres que xa están no comenzo da chamada terceira idade que xa non poden nin queren aguantar por máis tempo situacións de maltrato.*

*Sen constituír unha lista fechada, estas mulleres maltratadas vense obrigadas a deixar, sequera puntualmente, a vivenda que comparten co maltratador, polo menos en tanto no se resolven xudicialmente a atribución do domicilio familiar e moitas veces non teñen a onde ir nin a quen recorrer, nin teñen medios económicos como para alugar unha vivenda, situación que se volve crítica cando hai fillos menores de por medio.*

*O ideal sería que as Administracións Públicas tivesen xa previstas estas situacións de*





*vulnerabilidade das mulleres, pero non é o máis común, así que cómpre adoptar medidas paliativas. En consecuencia, unha opción coa que se pode saír do paso de xeito urxente consiste en dispoñer de varios apartamentos/pisos de alugueiro destinados a vivenda todo o ano nos que poder acoller, sequera con carácter temporal, ás mulleres maltratadas e necesitadas por estar inmersas en procesos contenciosos de separación/divorcio.*

*Se temos en conta as estatísticas manexadas, sería razoable que se dispuxese de vivendas para atender ao dez por cento das mulleres nesta situación de vulnerabilidade, é dicir, que houbera a disposición cinco apartamentos/pisos ao longo de todo o ano, para o que se necesitaría unha dotación económica anual estimada de 36.000 euros (5 vivendas a 600 €/mes).*

*Por todo o exposto, O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOLICITA AO PLENO DA CORPORACIÓN A TOMA DOS SEGUINTE*

**ACORDOS:**

*1- Instar ao Goberno de España e á Xunta de Galicia á dotación económica suficiente para destinar dentro dos programas de vivenda, alugueres moi reducidos e axudas ao aluguer coa posibilidade de tramitación durante todo o ano para vítimas de violencia de xénero, doméstica e mulleres en procesos de separación e divorcio que estean nunha situación de vulnerabilidade e sen necesidade de ter pasado previamente por unha casa de acollida. Destinando varias vivendas para tal fin, dado que existe un problema para o acceso ao aluguer en Cangas. Así mesmo, instar a contemplar un programa de aloxamento e vivenda para aqueles casos que non poden ser asumidos pola rede galega de acollemento, por ser de maior vulnerabilidade e risco, mulleres en consumo activo de sustancias e mulleres cunha discapacidade psíquica con baixa autonomía. Instar a que xeren plan específico de emprego para mulleres vítimas de violencia de xénero.*

*2- Instar ao Goberno Municipal de Cangas para que, subsidiariamente, contemple nos Presupostos municipais de Cangas para 2019 a dotación económica suficiente para alugar todo o ano dúas vivendas destinadas a acoller, sequera temporalmente, a mulleres vítimas de violencia doméstica e de xénero ou en trámite de separación/divorcio que estean nunha situación económica desfavorable ou en situación de vulnerabilidade”.*

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Única, o Pleno da Corporación por unanimidade aproba a proposta de acordo anteriormente referenciada.

**DELIBERACIÓNS:**

**Sr. Gestido Porto:** sinala que o concello nesta materia non ten toda a competencia necesaria pero recorda a existencia de vivendas baleiras que poder ser utilizadas.

**Sra. Gallego Santos:** sinala que hai determinadas situacións nas que se atopan as mulleres que xeran unha maior vulnerabilidade, o acceso ao mercado laboral pode ser un gran cambio para estas persoas, é preciso manter o convenio co hotel, a casa dos pobres e outros lugares que se poden por a disposición das persoas con risco.

**Sr. Hermelo Álvarez:** expón que a proposta está feita pola técnica do centro de protección da muller e recolle certos puntos necesarios. No tocante á casa dos pobres estase a traballar para a súa mellora e incrementar os colectivos con acceso a mesma e que as axudas de aluguer deben



observarse todo o ano.

**Sr. Abalo Costa:** sinala que desde o mes de agosto está solicitada unha entrevista ca Deputación para a posible reversión desas vivendas e aínda non se dignaron a contestar.

**Sr. Iglesias Santos:** acepta a emenda presentada por D. Tomás Hermelo incorporada o Acordo.

**VOTACIÓN E ACORDO:** o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

### Expediente 5807/2018. Moción PP situación marquesiñas

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 26.11.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción emitida o día 15.11.2018 polo grupo municipal do Partido Popular de Cangas, relativa á situación das marquesiñas, que é como segue:

#### *“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*‘O Partido Popular de Cangas quere manifestar a preocupación polo risco que supón a situación de certos elementos de mobiliario público, en concreto, as marquesiñas das paradas de autobús.*

*A situación destes elementos na maioría dos casos é lamentable, roturas de cristais, situacións das estruturas metálicas con risco de causar dano ás persoas usuarias. Ante isto faise necesario unha actuación de reparación ou substitución de ditos elementos, dependendo dos deterioro das mesmas.*

*Por outro lado, nestes últimos anos estase demandando por parte da veciñanza, novas situacións para este tipo de mobiliario. Como exemplo citar o acordo plenario polo que se aprobou a mellora da parada na Pedra Alta de Cangas e que se dotase dos medios necesarios para garantir a seguridade das persoas que utilizan o servizo público de transporte.*

*Por todo o anterior presentamos a seguinte:*

#### *PROPOSTA DE ACORDO:*

*O Pleno da Corporación insta ao equipo de goberno do Concello de Cangas a que habilite unha partida nos orzamentos do 2019, que dote de recursos económicos ás seguintes actuacións:*

- Obras de conservación e mantemento das marquesiñas existentes no municipio.*
- Instalacións de novas marquesiñas nos lugares nos que exista unha demanda de ditos elementos.”*

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Única, o Pleno da Corporación por unanimidade aproba a proposta de acordo anteriormente referenciada.



DELIBERACIÓNS:

O **Sr. Gestido Porto**: sinala que a principal necesidade é repoñer os existentes.

O **Sr. Iglesias Santos**: expón que deberían de explorarse outras situacións (concesión, Xunta).

A **Sra. Rial Pardo**: lembra que na Pedra Alta falouse de limitar a zona e que se xa fai 4 anos se falaba das marquesiñas e que a Xunta non se volveu a lembrar do tema.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

**Expediente 5808/2018. Moción ACE Medidas adoptar irregularidades convenio Concello de Cangas - Frigoríficos do Morrazo**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 9, Ausentes: 0

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 26.11.2018.

Así mesmo Presidencia dá conta da moción do voceiro de ACE rexistrada o día 16.11.2018, relativa ás medidas a adoptar diante das presuntas irregularidades no convenio asinado entre o Concello de Cangas e Frigoríficos del Morrazo, que é como segue:

*"Diante do escandaloso convenio urbanístico subscrito entre o Concello de Cangas e Frigoríficos del Morrazo con data definitiva de 17/12/2004, este grupo municipal, en función da documentación que se adxunta, propón ao Pleno da Corporación Municipal a aprobación dos seguintes acordos:*

*1º.- Formalizar, nun prazo de dez días, unha comisión de investigación composta por un representante dos grupos municipais desta Corporación e presidida polo Alcalde.*

*2º.- Poñer a disposición da Corporación e da propia comisión de investigación todos os datos e documentos relacionadas directa ou indirectamente co citado convenio urbanístico, fundamentalmente aqueles que sexan relevantes na depuración de responsabilidades no "pelotazo" urbanístico de Massó.*

*3º.- Dar traslado á Fiscalía Anticorrupción de toda a documentación que poña en evidencia a colaboración necesaria do Concello -concretada na responsabilidade dos representantes públicos que asinaron dito convenio- para depurar no seu caso as presuntas connivencias e implicacións nunha actuación que presenta indicios delitivos."*

Visto o informe favorable da Comisión Informativa Única, o Pleno da Corporación por maioría dos presentes aproba a proposta de acordo anteriormente referenciada.

DELIBERACIÓNS:

**Sr. Gestido Porto**: non entende o motivo de presentar unha moción de este tipo máis aló de



ocultar a incompetencia da Concellería e que lle gustaría saber cal é a bagaxe da lexislatura.

**Sr. Iglesias Santos:** quere facer unha reflexión xa que nesta materia compre ter presente varios campos de actuación, penal, político e social (a especulación de ata onde se está disposto a chegar) e que case sería preciso crear unha Comisión de Investigación con cada Convenio firmado.

**Sr. Soliño Costas:** sinala que a presente moción é un acto electoral, que o convenio asinado no seu día estaba vencellado á aprobación do PXOM e que se o señor Abalo está seguro do que di debe presentar a documentación en fiscalía.

**Sr. Hermelo Álvarez:** sinala que apoiarán a moción e que é imprescindible saber todo o que aconteceu.

**Sra. Giráldez Santos:** sinala que apoiarán a moción.

**Sr. Abalo Costa:** expón que este tema xa se tratou nun pleno extraordinario e que é precisamente a raíz do Auto cando saltan datos que deben poñerse en coñecemento deste Pleno.

**Sr. Iglesias Santos:** recorda que a Xurisdición Penal funciona a partir de feitos probados pero no plano político as estratexias son diferentes (xogo político, transcendencia social...).

**Sr. Soliño Costas:** sinala que son cousas distintas o desfalco de Caixa Nova co convenio firmado e que o señor Abalo presenta unha moción non nata. Que a documentación estivo en poder do Señor Abalo durante 11 anos e que en certo modo sería cómplice dos presuntos actos que recolle a súa moción.

O **Sr. Alcalde:** expón que o convenio leva consigo a obtención dun ingreso que ao estar en liquidación a empresa se pode reclamar.

**Sr. Abalo Csota:** finaliza sinalando que a cuestión debe resolverse na Audiencia Nacional e que foi demandando no seu momento e que como consecuencia deste Auto debe retomarse a cuestión.

**VOTACIÓNS E ACORDO:**

**Votos a favor:** 12 (4 de ACE, 4 do BNG, 3 de ASPUN e 1 do PSOE).

**En contra:** 0.

**Abstencións:** 9 (8 do Partido Popular e 1 de Cangas Decide).

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integralmente a proposta transcrita anteriormente.

#### **Expediente 5804/2018. Moción BNG sobre o aniversario da Constitución**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 11, En contra: 9, Abstencións: 1, Ausentes: 0

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 26.11.2018.



Así mesmo a Presidencia da conta da moción do grupo municipal do BNG rexistrada o 19.11.2018, relativa ao aniversario da Constitución, que é como segue:

*"D. Heitor Mera Herbello en representación do grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.*

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*En 40 anos do réxime político español actual, a Constitución que o consagra foi modificada unicamente en dúas ocasións, unha primeira vez por imperativo europeo tras a sinatura do Tratado de Maastricht en 1992, a segunda reforma foi en 2011 para a modificación do artigo 135, precisamente, en sentido regresivo, para priorizar os intereses da banca fronte aos das clases populares. No entanto, é claro que o texto constitucional vigorante contén eivas democráticas evidentes, que non casan cun sistema político verdadeiramente democrático, pois supoñen a negación de dereitos individuais e colectivos básicos.*

*Particularmente, dous aspectos chaman a atención polo seu anacronismo e incompatibilidade co respecto a dereitos democráticos esenciais. Por un lado, a negación das nacións que, como Galiza, facemos parte deste Estado. Por outro, a permanencia dunha Xefatura do Estado vitalicia e hereditaria que, ademais, nesta etapa ten a súa orixe nunha decisión do ditador Francisco Franco.*

*É evidente que un sistema que se queira realmente democrático debe partir de que todos os cargos públicos -canto máis a xefatura do estado- deben ser resultado da vontade popular expresada por medio do voto. Do mesmo modo, debe sustentarse no respecto de todos os pobos e dos seus dereitos colectivos. Cabe lembrar que o dereito de libre determinación fai parte da Carta das Nacións Unidas e dos Pactos e acordos posteriores, todos eles asinados polo Estado español.*

*Así pois, a Corporación Municipal de Cangas acorda PRONUNCIARSE A FAVOR de:*

- 1. A supresión da monarquía, por ser unha institución anacrónica e antidemocrática, e a opción por un sistema democrático e republicano.*
- 2. O recoñecemento de Galiza como nación e, por tanto, dos dereitos colectivos inherentes, moi especialmente do dereito de autodeterminación."*

*O presente acordo será comunicado, para o seu coñecemento e para os efectos oportunos, ao Parlamento de Galiza, á Xunta de Galiza, ao Congreso dos Deputados, ao Senado e ao Goberno español."*

Visto o informe favorable da Comisión Informativa Única, o Pleno da Corporación aproba por maioría dos presentes a proposta de acordo anteriormente referenciada.

#### **DELIBERACIÓNS:**

**Sr. Gestido Porto:** sinala que o votaba de menos para a defensa de algún tema cultural e non para a defensa desta moción.



**Sr. Iglesias Santos:** sinala que fai 40 anos a xente ía a países con monarquías europeas como consecuencia da emigración e que falar de suprimir a monarquía sen establecer uns condicionantes carece de lóxica toda vez que Galicia se atopa nunha situación complicada no tocante a nacementos, paro...

**Sr. Sotelo Villar:** sinala que é unha forma especial de celebrar a Constitución e que para eliminar ou modificar a Constitución é preciso seguir uns procedementos. Recorda a importante labor da monarquía na transición e sinala que os nacionalismos fomentan a división e o victimismo.

**Sr. Hermelo Álvarez:** sinala que resulta contradictorio que o PSOE e o PP falen da forza da Constitución cando eles aprobaron modificar o artigo 135.

**Sr. Abalo Costa:** sinala que a autodeterminación conleva o dereito a decidir.

**Sr. Iglesias Santos:** expón que o democrático e votar pero sabendo a vontade, recursos e determinando o exposto.

O **Sr. Alcalde:** sinala que el non é independentista pero non é contradictorio co dereito a autodeterminación.

VOTACIÓN E ACORDO:

**Votos a favor:** 11 (4 de ACE, 4 do BNG e 3 de ASPUN )

**En contra:** 9 (8 do Partido Popular e 1 do PSOE)

**Abstencións:** 1 (1 de Cangas Decide)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

### **Expediente 5805/2018. Moción BNG sobre o sector eléctrico**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 11, En contra: 8, Abstencións: 2, Ausentes: 0

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada a día 26.11.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do grupo municipal do BNG, rexistrado o día 19.11.2018, relativo ao sector eléctrico, que é como segue:

#### **"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O nacionalismo galego defende que a enerxía debe ser entendida como un ben público e a política enerxética debe desenvolverse en base a esta consideración, superando a concepción actual como unha mera mercadoría legalizada polos gobernos centrais de PP e PSOE. Do mesmo xeito, o subministro de enerxía debe ter a concepción de servizo público e o seu acceso debe ser un dereito garantido para todas as persoas por riba dos intereses económicos do oligopolio eléctrico. Porén, na actualidade, o sistema funciona en liñas totalmente contrarias a*



*estes principios, favorecendo un prezo final da enerxía eléctrica imposible de soportar para moitos fogares e tamén para o tecido económico e produtivo de Galiza.*

*Un factor fundamental é que o actual sistema de xeración de prezos é totalmente opaco e inxusto. Mediante un mecanismo de poxa o prezo final da electricidade no mercado maiorista vén determinado polo prezo da última oferta en ser aceptada. Isto significa que posto que existen tecnoloxías que producen a uns custos moi diferentes, acabe marcando o prezo de forma habitual unha das tecnoloxías máis caras. Isto dá como resultado que se xeren os coñecidos no propio sector como “beneficios chovidos do ceo”, especialmente no caso de tecnoloxías case ou totalmente amortizadas, como sucede coas hidroeléctricas e a enerxía nuclear. Por poñer un exemplo, no último ano completo (2017) as tres maiores compañías eléctricas que operan no Estado español (Iberdrola, Endesa e a actual Naturgy) obtiveron uns beneficios 5.627 millóns de euros, un 3% máis que no exercicio anterior malia que 2017 foi un ano de seca que impactou de forma negativa en termos hidrolóxicos.*

*Por outra banda, hai que engadir que a electricidade ten unha fiscalidade absolutamente disparatada e excesiva, o que tamén incrementa o prezo final. Por exemplo, o prezo da electricidade ademais de ter diferentes impostos que se solapan, atópase no tramo máis elevado do IVE, no 21%, sendo un dos máis altos de Europa ao tempo que cuestións non básicas como as touradas ou un coche de luxo teñen un gravame menor. A única razón para que o IVE non se reduza é o afán de recadación do Estado.*

*Cómpre ter en conta tamén que Galiza tivo e ten un papel de produtor de enerxía que non foi escollido polos galegos e galegas, senón que é consecuencia dunha cadea de decisións alleas, moitas delas do período da ditadura franquista, e do que non obtemos compensación. Nesa función imposta de país produtor, xeramos enerxía para o consumo doutros territorios do Estado español, exportando unha media dun 35% de electricidade. Mentres outros territorios aforran os custos do impacto social e ambiental que sufrimos nós, Galiza non obtén ningún beneficio. Isto obedece a un deseño centralista do Estado español que, mentres nos adxudicaba ese papel, reservaba para outros lugares ser o centro da industrialización e do desenvolvemento económico.*

*Con este modelo, mentres Estado e eléctricas aumentan os seus beneficios e Galiza exporta enerxía, no noso país hai máis de 442.000 persoas que declaran non poder permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada e a taxa de risco da pobreza incrementou nun 12,15% dende o 2009. Para combater a dificultade que supón o acceso á enerxía non son suficientes nin o bono social do Estado nin o ticket eléctrico da Xunta de Galiza, que chegan a unha porcentaxe moi reducida da poboación.*

*Non é de recibo que por riba de non beneficiármolos de producir, grazas ás políticas enerxéticas do Partido Popular, Galiza vaia pagar a factura máis cara do Estado. A posibilidade de introducir suplementos territoriais na tarifa eléctrica xa figuraba na Lei do Sector Eléctrico do ano 1997 e na vixente de 2013. Porén, foi a aprobación do Real Decreto- lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria de Rajoy o que converteu o que a Lei recollía como posibilidade en obrigatorio para o 2013. Resultado disto as eléctricas recorreron e o Tribunal Supremo deulles a razón en distintas sentenzas. Como resultado, vaise repercutir o recadado en varios impostos nas facturas dos galegos e galegas para recadar arredor de 38 millóns de euros. Isto é un absoluto disparate, quen produce paga máis que quen non e as galegas e galegos imos recibir o tarifazo máis grande do Estado.*

*Desde o BNG defendemos que Galiza ten dereito a controlar os seus recursos enerxéticos e para iso é fundamental poñer fin a esta situación de explotación colonial e reclamar capacidade normativa para poder tomar as decisións referentes a todos os aspectos do desenvolvemento enerxético. En canto á falta de soberanía política non nos permita desenvolver unha política enerxética propia en todos os aspectos, si é posible avanzar progresivamente para establecer medidas que compensen tantos anos*



*de espolio sen recibir nada a cambio. Son decisións políticas que debemos tomar para corraxir un agravio histórico e por xustiza social.*

*Por todas estas cuestións, é imperativo demandar cambios inmediatos na regulación eléctrica para que a electricidade sexa un servizo básico e estean cubertas as necesidades sociais e económicas dun país coma o noso, tendo en conta que a xeración eléctrica leva aparelados elevados custos sociais e medioambientais que deben sernos compensados.*

*Neste sentido, unha tarifa eléctrica galega que abarate vía peaxes o prezo final da enerxía no noso país axudaría a democratizar o acceso á enerxía para todas as persoas e, asemade, contribuiría a asentar o tecido industrial e económico do país, frear a deslocalización e evitar a nosa desindustrialización.*

*Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:*

#### **ACORDO**

*Instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno Central*

- 1. A inmediata redución do Imposto de Valor Engadido sobre a Electricidade do 21% ao 4%.*
- 2. Que exclúa a Galiza da Orde definitiva para a tramitación respecto dos suplementos territoriais para o exercicio 2013, por atentar contra as competencias galegas en materia de tributación ambiental e por seren contrarias para os intereses do tecido social e económico galego, correspondendo ao goberno do Estado asumir os custos que poida ocasionar a aplicación das sentenzas.*
- 3. Modificar a Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico de forma que se permita a regulación dunha Tarifa Eléctrica Galega que Galiza poida beneficiarse, pola súa condición de nación produtora de enerxía eléctrica, de peaxes máis baixas que permitan un abaratamento para os consumos domésticos e empresariais en compensación por soportar os custos sociais e medioambientais das instalacións de produción."*

Visto o informe favorable da Comisión Informativa Única, o Pleno da Corporación aproba por maioría dos presentes a proposta de acordo anteriormente referenciada.

#### **DELIBERACIÓNS:**

**Sr. Iglesias Santos:** sinala que o principal é mirar como se fabrica a enerxía, somos produtores, se solicita a rebaixa no IVE pero non podemos esquecer as moitas actuacións feitas polas empresas sinaladas e que ter en Galicia unhas prerrogativas é inviable xa que entraríamos nunha guerra fratricida. Os impostos van para o Goberno Central para proceder a unha redistribución é por iso mais importante o control sobre estas grandes empresas.

**Sra. Hermelo Piñeiro:** sinala que é unha moción sobre unha materia de competencia estatal, e lembra que no 2008 o BNG levou a cabo a maior concesión eólica de España. Lembra que a Xunta xa solicitara esta medida e que os impostos medioambientais corresponden ao Estado. Que a Xunta aposta por unha transición eléctrica axeitada e polas enerxías renovables, lembra a existencia de axudas económicas outorgadas pola Xunta e que en todo caso o seu grupo está de acordo na rebaixa do IVE o 4%.

**Sr. Hermelo Álvarez:** sinala que apoiará a moción.





**Sra. Giraldez Santos:** expón que os problemas do Estado e da Xunta afectan aos concellos e sinala que o señor Feijoo non solventou o problema e tivo que vir unha comisión que o solventase. E que dos 111 millóns, 38 corresponden a Galicia.

**VOTACIÓNS E ACORDO:**

**Votos a favor:** 12 (4 de ACE, 4 do BNG, 3 de ASPUN e 1 do PSOE).

**En contra:** 0.

**Abstencións:** 9 (8 do Partido Popular e 1 de Cangas Decide).

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

**Moción do grupo municipal de ACE de apoio á Plataforma afectados do Marisquiño (Urxencia: 17 a favor, 4 en contra ( 3 de Aspún e 1 PSOE)**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria.

A favor: 16, En contra: 1, Abstencións: 0, Ausentes: 4

A Presidencia dá conta da moción do grupo municipal Alternativa Canguesa de Esquerdas do día 19.11.2018, relativo ao apoio á Plataforma de afectados polo accidente do Marisquiño, da Federación de veciños/veciñas de Vigo (FAVEC), que é como segue:

*“O grupo municipal de Alternativa Canguesa de Esquerdas, apoia á Federación de veciños/veciñas "Eduardo Chao" de Vigo, como impulsora e na representación da Plataforma de afectados polo accidente do Marisquiño, presenta a seguinte moción solicitando a súa aprobación con base na seguinte:*

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Dende que o pasado 12 de agosto de 2018 se afundise o peirao das Avenidas durante a celebración dun concerto incluído no cartel do Festival “O Marisquiño”, as vítimas se viron completamente ignoradas e desatendidas pola administración pública. Precisamente con esa sensación chegaron ata a Oficina de atención ás vítimas que a federación abriu tan só cinco días despois do ocorrido ante a pasividade do goberno local de Vigo. Desde entón, foron atendidas 174 persoas, a maioría delas continúan con atención psicolóxica e xurídica completamente de balde para as vítimas. Paralelamente, impulsouse a Plataforma de afectados/afectadas demandada por pais preocupados, tras non ter que lamentar vítimas, polas consecuencias económicas deste desastre e polo futuro xudicial da causa.*

*Desde ese momento, a Comisión de investigación do Parlamento de Galicia composta por todos os partidos representados na Cámara, interesouse por dar visibilidade a esta Plataforma da Favec, chegando a solicitar a comparecencia do seu representante durante a realización da*



Concello de Cangas

*sesión do pasado 22 de novembro. Por todo isto,*

**PROPOÑEMOS O ACORDO:**

*De apoiar á Plataforma de afectados/afectadas polo Accidente do Marisquiño da Favec, na súa andaina pola defensa dos intereses dos afectados e colaborar co traballo da Comisión de investigación creada no Parlamento para que depure responsabilidades políticas neste suceso”.*

**DELIBERACIÓNS:**

**O Sr. Alcalde:** dá lectura á Moción.

**Sr. Iglesias Santos e Aspun:** Xustifican o seu voto en contra da urxencia por non estar acreditada a mesma por tratarse duns feitos acontecidos en Agosto.

**Sr. Iglesias Santos:** sinala que este é un tema que non afecta a Cangas.

**O Sr. Alcalde:** expón que se trata de dar un apoio político e moral os afectados.

**Sr. Graña Graña:** sinala que hai xente de Cangas afectada.

**Sr. Gestido Porto:** expón que hai xente de Cangas que está afectada e precisa do noso apoio.

**Sr. Iglesias Santos:** sinala que ten cautelas no tocante á representatividade destas asociacións e que se hai xente de cangas poderían estar presentes.

**Sr. Abalo Santos:** sinala que se fose coherente o PP non debería votar por existir causa xudicial no caso e cabe lembrar dado o pasotismo e negligencia da Autoridade Portuaria.

**Sra. Giraldez Santos:** sinala que o BNG apoia as causas solidarias.

**Sr. Sotelo Villar:** que un persoeiro da historia de Cangas non vai a decidir o que temos que facer.

Nese momento éntrase nun debate entre diversos concelleiros.

**O Grupo Municipal de Aspún e Sra. Castro Paredes** vanse pola falta de Actitude do Alcalde.

**VOTACIÓNS E ACORDO:**

**Votos a favor:** 16 (8 do PP, 3 de ACE 4 do BNG e 1 de Cangas Decide).

**En contra:** 1 do PSOE.

**Abstencións:** 0.

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

**O Sr. Alcalde** levanta a sesión.

**B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



**Concello de Cangas**

**Dación de Conta Resolúcións Alcaldía 23 outubro a 23 novembro 2018**

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

**Dación de Conta dos informes de reparo de Intervención, segundo a base de execución n°38 do orzamento municipal**

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

**C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

Non hai asuntos.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850